

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 11 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día once de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1119).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1120).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA Nº 6. EXPTE. 120763/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/11/2016, dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2016, da técnica de Admon. Xeral-secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na súa sesión do 18 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, da empresa EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL, por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120.763-301) na seguinte orde decrecente:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	TOTAL
CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	18,25	79,62	97,87
CLECE, SA	13	80	93,00
ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5	17,25	62,15	79,40
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	7,5	32,76	40,26

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSF):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.776,42 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado o 18 de outubro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, que presenta a documentación requirida o 28 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido para o efecto.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 2 de novembro de 2016, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que non consta a póliza do seguro de responsabilidade civil por danos no edificio (esixida na cláusula 21 e no apartado 14A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) nin a documentación acreditativa ou, no seu caso, declaración actualizada e concreta do compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais esixidos no apartado 6D das FEC (en relación coa cláusula 21), aos que se comprometeu na súa oferta. En base ao anterior, concedéuselle un prazo de tres días hábiles para a presentación da citada documentación. Esta documentación foi presentada a través de dous escritos de datas 4 e 7 de novembro de 2016.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 9 de novembro de 2016 examina a documentación presentada pola empresa nas datas 4 e 7 de novembro comprobando que é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA o procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120.763-301) coas seguintes condicións:

1. O prezo total do contrato é de 3.101.287,24 euros (IVE exento).
2. Comprométese a achegar seis medias xornadas laborais anuais, durante todo o período do contrato, sen custo adicional para o Concello, de titulados superiores ou diplomados a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1121).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓN FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REFORMA DA GRADA DE RÍO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 4051/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/11/2016, da xefa do Servizo de Contratación:

I.- Antecedentes

En data 8 de outubro de 2016 publícase no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación da contratación das “obras de reforma da grada de Río no estadio municipal de Balaídos”.

Aberto o prazo para a presentación de ofertas, varias empresas interesadas na licitación formularon diversas cuestións, que se reproducen a continuación máis as contestacións ás mesmas que constan no informe do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da área de Inversións, de data 10 de novembro de 2016.

II.- Aclaracións.

Aberto o prazo para a presentación de ofertas, a empresa ACCIONA, S.A., interesada na licitación formulou a seguinte cuestión, que se reproducen a continuación así como a resposta dos técnicos á mesma:

Pregunta:

“De cara al concurso del asunto les solicitamos por favor aclaración a la siguiente duda relativa al Apartado D) de Criterios para determinar la oferta anormal o desproporcionada del PCAP de concurso:

En la pág. 60 del PCAP, se dice, que el valor Bi es resultado de la suma del importe de la baja realizada (sin IVA) más el importe de las mejoras de acuerdo con los valores definidos en el PCAP, en cuyo Anexo III vienen valoradas dichas mejoras en ejecución material.

Por tanto, la duda es que si para poder obtener este valor Bi, si realmente se puede sumar una cifra de presupuesto de contrata sin IVA, con una cifra de ejecución material que es como vienen valoradas las mejoras en el PCAP o si, por el contrario, a la cifra de mejoras anterior habría que aplicarles igualmente el 13% de G.G. y 6% de B.I. para así ya poder sumar dos importes, ambos en presupuesto de contrata sin IVA.”

Resposta:

O apartado 8.D das FEC do PCAP publicado no perfil do contratante especifica que:

Bi= será igual o valor porcentual que represente sobre o prezo de licitación (en euros, sen IVE) o sumatorio do importe da baixa realizada (sen IVE), mais o importe das melloras ofertadas de acordo cos valores definidos para as mellores no PCAP, para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

Polo cal debese indicar que tendo en conta que a definición do valor “Bi” ten como único obxecto determinar un valor numérico para a aplicación dunha fórmula matemática, o mesmo atopase correctamente identificado no PCAP, e polo cal, a cifra ou valor correspondente o importe das melloras de aplicación a este valor, terá como referencia o indicado no mencionado apartado “o importe das melloras ofertadas de acordo cos valores definidos para as mellores no PCAP, para a oferta que se queira valorar”, cumprindo dito valor coa condición da obxectividade da aplicación da fórmula a todos os posible licitadores”.

III. Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a resposta á cuestión formuladas pola empresa ACCIONA, S.A., e contida neste informe”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1122).- ACLARACIONES ÁS CUESTIONES FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 27683/220.
Dáse conta do informe-proposta do 10/11/2016, da xefa do Servizo de Contratación:

I.- Antecedentes

En data 8 de outubro de 2016 publícase no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación do servizo de vixilancia da saúde.

O día 08 de novembro de 2016 e 10 de novembro de 2016, xa aberto o prazo para a presentación de ofertas, Norprevención, S.L., formula diversas cuestións, que se reproducen a continuación máis as contestacións ás mesmas .

II.- Aclaracións

En relación ao Anexo II que se debe achegar no Sobre Administrativo:

1.- No punto 8 do anexo débese dicir que non se posúe a clasificación fixada na cláusula 6.A das FEC? Nesta mesma cláusula dise expresamente que non é necesaria a clasificación.

Poderán ben dicir que non posúen a clasificación como retirar ese apartado da declaración responsable.

2.- Seguindo con este tema, e posto que non é necesaria a clasificación, débese incluír o punto 9 do anexo?

O punto 9 do anexo II declaración responsable terán que cubri-lo para declarar a solvencia económica, financeira e técnica, xa que este procedemento non está prevista a presentación dunha clasificación para acreditar as solvencias.

3.- En relación ao punto 10, é necesario achegar, á marxe da declaración responsable, o certificado de inscrición no ROLECE xunto con este punto, indicando así que as condicións do mesmo non sufriron variacións?.

Non é necesario achegar o certificado de inscrición no ROLECE.

4.- En canto ao momento nº 16, entendemos que é un apartado que se vai a ter en conta en caso de desempate, polo tanto é algo que se debe poñer opcionalmente si quérese que se apliquen criterios de desempate? Ou se debe poñer o % de persoas discapacitadas que hai na empresa aínda que non se supere ese 2%?.

Debe poñelo se quere que se aplique este criterio para o desempate.

5.- No punto 4 do Prego de Prescripcíones Técnicas detállase unha lista de Materiais Adicionais, estes materiais deben ser aportados pola empresa que gañe o contrato? Ou é material que pon o contratista pon a disposición do servizo de prevención que resulte adjudicatario.

A empresa contratista é a que debe aportar todo este material.

6.- No punto 6 (Servizos Adicionais) do Prego de Prescripcíones Técnicas, na súa subapartado 3 fálase de ofrecer revisiones odontolóxicas; nos demais criterios deste subapartado dise que se farán por prescripción facultativa pero para estas revisions non se di nada. Entendemos que se debe ofrecer para todo o persoal obxecto do contrato?

As revisións odontolóxicas se deben ofrecer a todo o persoal obxecto do contrato

7.- Nº de traballadores homes do Concello. Indicando o número total, o número de homes maiores de 45 anos e tamén o número de homes maiores de 50 anos.:

O número total de traballadores do concello é de 1.516 dos que 977 son homes homes; Maiores de 45: 676 e maiores de 50: 531

8.- Nº de traballadoras mulleres do Concello. Indicando o número total e o número de mulleres maiores de 45 anos.:

Total: 494 mulleres; mulleres maiores de 45: 312

9.- Número total de recoñecementos realizados nos últimos anos:

En 2015 se realizaron un total de 1226 recoñecementos médicos.

10.- Número total de Revisións Ginecolóxicas realizadas nos últimos anos.

En 2015 se realizaron 94 revisións xinecolóxicas.

11.- Número de total de probas PSA en varanos maiores de 45 nos últimos anos.

En 2015 se realizaron 590 probas de PSA e 2015 se realizaron 140 revisións de Uroloxía.

III.- Acordo

En mérito ao exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar as respostas as cuestións formuladas polo licitador Norprevención, S.L., e contidas neste informe”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1123).- CONCESIÓN DAS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2016”. EXPTE. 12786/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 08/11/2016, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo secretario de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos fomentar o emprego, así como o autoemprego e a creación de novas empresas. Neste senso, encádrase, entre outros, o “Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas”, como unha medida de reforzo das axudas que outras administracións convocan anualmente para os novos emprendedores, e máis, na actual coxuntura económica.

Deste xeito, co obxecto de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 20 de maio de 2016, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do ano 2016 das Axudas Municipais á Creación de Empresas, cunha disposición total de 70.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á creación de empresas” do Estado de Gastos do orzamento de 2016 contabilizándose o RC Núm. 201600051428 (achégase copia do informe de intervención). Estas axudas foron publicadas no BOP nº 99, do mércores 25 de maio de 2016 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 28/07/2016, conforme ao establecido coa base 3ª, apartado 3.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside (achégase copia do documento).

Examinadas as solicitudes, pola comisión de valoración e seguimento das axudas municipais á creación de empresas 2016, nomeada para tal fin, baremáronse segundo o apartado 1.5. aquelas que cumpriron a base 1ª, no seu apartado 1.2 Beneficiarios, o apartado 1.3. Requisitos Xerais dos/as beneficiarios/as e o apartado 1.4 Obrigas. Como o montante total das solicitudes debidamente presentadas superaba o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación, fíxose necesario ordear segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencinar son os calculados, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.6. das ditas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 70.000€.

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, art. 123 y art. 124, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses (como recolle o art. 8.1 e o art. 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Por todo o exposto, e en base á acta da Comisión de Valoración e Seguemento do 21 de outubro de 2016 e o acta complementaria do 4 de novembro que se achegan no expediente, na que se indica que as empresas solicitantes destas axudas cumpren os requisitos esixidos nas bases e convocatoria, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Conceder axudas por un importe total de 70.000€ (setenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á creación de empresas”, para as solicitudes que acadaron unha maior puntuación, segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados dacordo co tipo e/ou contía das axudas e gastos subvencionables, segundo o seguinte cadro:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
13152/77	BARQUITO VELERO, S.COOP.GALEGA	F27806009	34	2.437,50 €
13068/77	CIMENTACIONES IBEROAMERICANAS S.L.	B27814979	30	3.000,00 €
13106/77	ROI MYC C.B.	E27810993	28	3.000,00 €
13180/77	ALVAREZ CRESPO, CB	E27826254	26	3.000,00 €
13065/77	PLUDICAR, SL	B27787431	26	3.000,00 €
13184/77	JOAQUÍN GIRÁLDEZ FERNÁNDEZ	36054886V	24	3.000,00 €
13177/77	LETICIA COSTAS MUÑOZ	53176021K	22	3.000,00 €
13195/77	ROSA Mª RODRÍGUEZ PLACIAS	36102717P	20	3.000,00 €
13089/77	DAESLAD DUO S.L.	B27827104	19,2	3.000,00 €
13215/77	PABLO GONZÁLEZ NÚÑEZ	36149448A	18,7	2.607,17 €

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
13050/77	ALBIES, CB	E27813971	18	3.000,00 €
13055/77	PATRICIA SIERRA REY	36098021G	18	3.000,00 €
13060/77	SUPERMERCADOS ROEL, SL	B27816321	18	3.000,00 €
13063/77	MARÍA AURORA VICENTE COLORADO	36056185M	18	1.634,33 €
13133/77	PAUYOLI, SC	J27824614	18	3.000,00 €
13147/77	AVANT VILACE, SL	B27826296	18	1.787,77 €
13163/77	ELAMI AUTOMOCIÓN, SL	B27817386	18	3.000,00 €
13221/77	BOLLERÍA LA COLMENA, SL	B27827153	18	3.000,00 €
12963/77	JACQUELINE DE LA SIERRA DOMÍNGUEZ	32809582J	17,1	3.000,00 €
13087/77	MARTÍNEZ MARCO & REY VARELA S.L.	B27824432	16	3.000,00 €
13149/77	ALBERTO BLANCO CARRERA	45076455C	16	3.000,00 €
13202/77	NÉBOA FILMS, SC	J27827120	16	835,35 €
13217/77	FOORYOU CONSULTING, SL	B27822642	15	1.215,12 €
13211/77	M&G SOLUCIONES DE FACILITY SERVICES, SL	B27826585	14	3.000,00 €
13197/77	HELADOS, PASTELES Y CHOCOLATES CHIOCO, SL	B27810498	14	3.000,00 €
13110/77	INMACULADA COMESAÑA PÉREZ	35568467W	14	1.311,39 €
13216/77	LUCÍA ROSARIO FAURE	36162437C	14	1.171,37 €

SEGUNDO.- *Propoñer a denegación de axudas ás seguintes empresas, segundo o apartado 1.6 da base 1ª, para as solicitudes debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación, de acordo co baremo establecido:*

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
13096/77	LUCIENE OLMOS DE CASTRO MÉNDEZ	X2323283F	14
13210/77	RONA ROSSODIVITA	X9222138N	14
13118/77	ALBANO DANIEL COSTAS CAMPOS	36125495Q	13
13075/77	JULIA GABILÁN MIRANDA	36165875P	12,57
13047/77	YOLANDA RODAL ALONSO	53184775N	12
13074/77	LORENA CARBO FALQUÉ	53194926C	12
13085/77	IRIA DOCAMPO RODRÍGUEZ	36124989Q	12
13088/77	RUY MANUEL MARSILLACH MARTINHO	36157184B	12
13103/77	CAROLINA RIVERA RUIZ	36176522Y	12
13129/77	REGINA ALVAREZ COSTAS	3603664G	12
13136/77	TAPETEA GESTIÓN COMERCIAL, SL	B27819671	12
13143/77	MARÍA DOMÍNGUEZ ALVAREZ	34935722X	12
13178/77	PATRICIA PEREIRA ALVAREZ	36073061E	12
13191/77	MARÍA PILAR GARCÍA CAMACHO	36055538W	12
13198/77	HUSH ROCK, SL	B27813948	12
13201/77	PANADERÍA PAN VIGO, CB	B27819622	12
13082/77	SANDRA DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ	36151731D	11,25
13158/77	ANA ISABEL COMESAÑA ALVAREZ	36084608T	11

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
12945/77	ANGELA SOTELO MORÁN	44453073F	10
12996/77	PILAR LARRAN GIL	53190981P	10
13069/77	DAKOTA FIBRA S.L.	B27823061	10
13070/77	MARÍA CONSUELO MÉNDEZ CABIRTA	36035676N	10
13072/77	MARÍA JOSÉ POL VIZOSO	36095536A	10
13091/77	BEMA INSTALACIONES S.C.	J27829191	10
13104/77	ROCIO SIMÓN ABALDE	36165863L	10
13107/77	LUCIA GEMMA VIDAL NUÑEZ	77006108S	10
13115/77	CARLOS ALBERTO RIVADULLA MARTÍNEZ	36099835R	10
13120/77	BELINDA FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ	47356644N	10
13135/77	MARIA DOLORES FERNÁNDEZ SUEVOS	34948940A	10
13150/77	Mª CAROLINA BLANCO PÉREZ RUBIO	36115827P	10
13056/77	LABOGRAFICO, CB	E27818541	9,5
13080/77	LUCIA TEIXEIRA FREITAS	35479820C	9
12956/77	MONTSERRAT LORENZO SAAVEDRA	36069773T	8
13024/77	CARLOS JAVIER GÓMEZ GONZÁLEZ	32802217P	8
13048/77	SUSANA PÉREZ ESTÉVEZ	44479597N	8
13052/77	BEATRIZ MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	44461802L	8
13054/77	RAFAEL FLORENCIO MARQUÉS DE OLIVEIRA	Y2863755Q	8
13062/77	MARÍA TERESA DEBEN CARBALLO	35573361C	8
13067/77	ARANZAZU GIL GÓMEZ	36152461A	8
13077/77	ENRIQUE JOSÉ ALONSO SANTOS	36155574B	8
13086/77	PATRICE GONÇALVES MOREIRA	53191048Y	8
13093/77	CELIA GÁLVEZ FERNÁNDEZ	36137258A	8
13114/77	FERMÍN LAGO MOSQUERA	76995161Q	8
13131/77	ANGEL MANUEL GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ	36033222L	8
13134/77	ANGELA BELOSO COSTAS	53189077J	8
13137/77	TATIANA RUIBAL MARTÍNEZ	53184593Z	8
13146/77	FERNANDO CARBALLO SUÁREZ	35545562M	8
13170/77	Mª SOL LORENZO PENEDO	36081214X	8
13171/77	JOSEFA GONZÁLEZ PÉREZ	36074442T	8
13179/77	CEKIRIA, SC	J27827492	8
12992/77	JUDITH LAGO AMORÍN	36142340W	6
13051/77	RAFAEL BLANCO HERMIDA	36078856K	6
13071/77	SONIA MARÍA LAGO PESTONIT	36110307P	6
13073/77	GALIFIBRA S.L.	B27820141	6
13092/77	ALEJANDRO VIVAS VILAR	39460752C	6
13105/77	BERNARDO ALFONSO VIEITES	53111406J	6
13119/77	ANA BELÉN ALVAREZ MARIÑO	36128321J	6
13123/77	CHRISTIAN LARRALDE OITABEN	36128538T	6
13124/77	NATALIA URBANO LESTON	53189708T	6
13142/77	JUAN ENRIQUE FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	36078917J	6

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
13145/77	CRIZ MARIZEL SARDINHA RODRÍGUEZ	X9507218F	6
13148/77	SUSANA FERNÁNDEZ PELAEZ	44076272S	6
13162/77	CASPIFERAMA, SL	B27818061	6
13182/77	ZULEMA ALVAREZ QUIROGA	53186532K	6
13183/77	JUAN PABLO CASTRO GARCÍA	53172934Q	6
13188/77	VITORIO ALBERTO DI BONAVENTURA MATA	Y4263268W	6
13193/77	PABLO MARTÍNEZ LÓPEZ	36072441T	6
13209/77	NOELIA CABRAL CASAL	36146646F	6
13061/77	JOSE ANGEL ECHEVARRÍA MARTÍNEZ DE BUJO	16067138M	4
13154/77	JOSÉ MANUEL CARBALLO PÉREZ	39455913B	4

TERCEIRO.- Propoñer a denegación das axudas as seguintes empresas por incumprir cos requisitos, por non achegar a documentación requirida ou por renuncia, das solicitudes seguintes:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
12957/77	ALEJANDRO CARRERA LEIRÓS	39461839A	L
12993/77	FEWR HOST, SLL	B27824564	R
13066/77	CLARA JULIANA TEVEZ ARANDA	39513798M	G
13076/77	NURIA ESTÉVEZ ESTÉVEZ	38144576L	P
13078/77	SANTIAGO PATIÑO MOURIÑO	53193161A	L
13079/77	MARÍA PAOLA PIÑEIRO IGLESIAS	44809726E	L
13081/77	VIALETHEIA S.L.	B27818715	G
13084/77	MARTÍN EMILIO BANDE GONZÁLEZ	54382269B	L
13094/77	JACOB SEIJAS CAL	36133688K	P
13100/77	JONATAS ALVES PEREIRA	Y1164703C	G
13108/77	CORTIZO Y DIÉGUEZ C.B.	E27824226	L
13109/77	NURIA RODRÍGUEZ PÉREZ	76905903K	E, L
13111/77	MARÍA DOLORES ESPÍNEIRA FERNÁNDEZ	36110623W	P
13112/77	PABLO MARIÑO LUSTRES	36175060Q	P
13113/77	JORGE ROCHA MACIEL	X1585757E	P
13116/77	BEATRIZ CRISPÍN PAZO	36139790M	L
13117/77	BERMO FERRETERÍA, SCG	F94119468	L
13121/77	MAJAGUA, SC	J27827096	P
13122/77	AGENCIA DE MARKETING ATICO E, SCG	F27820968	P
13132/77	MARIA DEL CARMEN TEIJEIRA LÓPEZ	36034493W	L
13141/77	CONRADO LORENZO CAO	36137207K	L
13144/77	MARTA RABADAN NOGUEIRAS	36090998L	P
13151/77	ORIGEN ECOLÓGICO, CB	E27821669	P
13153/77	VANESA SARABIA GASPAR	36145887F	L
13155/77	MIRIAM MOUCO RICOY	36136357E	L
13156/77	ZULEIKA MARÍA DOBARRO DE LIS	53174927P	L

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
13159/77	SUBASTON, SC	J27824911	L
13160/77	ALBERTO VILLAMARIN GÓMEZ	44498537T	P
13161/77	GESTIÓN DURBO-RO, SL	B27828854	G
13164/77	MALUA-FASHION STUDIO, SLU	B27819887	P
13165/77	BEATRIZ MELON COLLAZO	36101570B	P
13166/77	MÓNICA DE LA PEÑA VIEJO	36111514L	P
13167/77	MANUEL PARGA CID	36161285H	P
13168/77	MARIA BEGOÑA MARQUEZ GULIAS	46909857T	P
13169/77	ANA MARÍA FERNANDEZ ROUCO	36098918G	P
13173/77	BEGOÑA ROMERO IGLESIAS	36141312D	P
13176/77	JESÚS ALONSO GÓMEZ	34973286S	P
13181/77	CELSO VELOSO PÉREZ	34627321Q	D, E
13185/77	ROQUELINA COSTA DE SOUZA	34284946L	E
13186/77	BEATRIZ COSTAS GONZÁLEZ	36134853J	G
13187/77	PERITACIONES JULIO, SLU	B27818970	P
13189/77	JORGE RIVAS MILLARA	36153708P	L
13190/77	DAVID LAGO COSTAS	53177728A	P
13192/77	PAULA ANGELICA BERMÚDEZ PERRI	77545732J	P
13196/77	MÁIS QUE MILLO, CB	E27818137	L
13199/77	REBECA DEL RÍO RODRÍGUEZ	53818555G	P
13200/77	ACTIVA GESTIÓN, CB	B27824044	L
13203/77	NANDA Y ANXO, CB	E27812007	P
13204/77	CELIA OSUNA DA SILVA	36118544B	L
13205/77	HENRY LASO OLMO	53188012Y	P
13206/77	MIGUEL ANGEL MONROY LORENZO	36126942Z	P
13207/77	EDUARDO CARO FERNÁNDEZ	39454467Z	P
13208/77	MÓNICA VIDEIRA SILVA	36135977X	P
13212/77	GAELIA, CB	E27819119	P
13213/77	XUSTO MOLEJÓN VALORIA	36068624R	P
13214/77	SABINA SOLANGE DOS SANTOS ALZAMENDI	54659674J	P
13218/77	ANDRÉS GÓMEZ GONZÁLEZ	53817622Z	P
13219/77	CARMEN VERÓNICA RIVAS ROSO	44493699S	L
13220/77	ÉPOCA, CB	J27825405	P
13222/77	QUEILA PREGO RODRÍGUEZ	39451270Z	L

(*) Segundo a táboa anterior de denegación de axudas, os códigos que aparecen, correspónden-se cos seguintes conceptos:

CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPÁIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2016

COD	CONCEPTO	BASE	APTOS
A	Non presenta solicitude segundo modelo normalizado (Anexo I)	4ª	4.1
B	Data de solicitude fora do prazo ⁽¹⁾	4ª	4.3
C	Non empresa individual ou PEME	1ª	1.2

D	Inicio de actividade (alta no IAE) fora do prazo ⁽²⁾	1ª	1.2
E	Enderezo fiscal fora de Vigo	1ª	1.3.1
F	Enderezo social fora de Vigo	1ª	1.3.1
G	Non estar en desemprego o promotor ou promotores (mín, 50% do capital social) na data de inicio da actividade.	1ª	1.3.3
H	Non empresa de nova creación (transformación xurídica, sucesión empresa familiar)	1ª	1.3.2
I	Ter débedas coa Seguridade Social.	1ª	1.3.4
J	Ter débedas coa Consellería de Economía e Facenda.	1ª	1.3.4
K	Ter débedas coa AEAT	1ª	1.3.4
L	Ter débedas co concello a empresa e/ou algún/s promotor/es	1ª	1.3.5
M	Actividade igual ou equivalente nos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio da actividade	1ª	1.3.6
N	Percibir subvencións á creación de empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores ao inicio da actividade	1ª	1.3.7
O	Concorrer algunha das circunstancias previstas no art. 10 apdos. 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións	1ª	1.3.8
P	Falta de documentación requirida en prazo	4ª	4.1/4.2
Q	Gasto non incluído nos conceptos subvencionables	1ª	1.5
R	Renuncia	8ª	8.2

–Prazo de solicitude do 28/05/2016 ao 10/07/2016

–Prazo de inicio da actividade do 01/04/2015 ao 31/03/2016

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa:

De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1124).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTE AOS MESES DE MAIO-SETEMBRO 2016. EXPTE. 28854/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09/11/16, dáse conta do informe-proposta do 08/09/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense na Área de Recursos Humanos e Formación os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Maio e Setembro-2016 (Alcaldía, Policía Local, Extinción de Incendios, Ospio, Seguridade e Movilidade, Inspección Vías e Obras, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil, Limpeza e Museos). Asimesmo o persoal que realizou horas con motivo das Eleccións o Parlamento Galego do pasado mes de setembro de 2016.

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

"Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei vixente."

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte dos expedientes 28854-220 e 28870-220, figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 102.738,48 €, segundo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Setembro-2016	224,00	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontán Balbuena, Camilo
Policía Local	Setembro-2016	429,33	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vila Campos, Francisco José
Extinción de Incendios	Setembro-2016	3.580,00	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén
Ospio	Maio-2016	64,00	De Ferro Macho, Angel a Romero Gil-Delgado, Loreto
Seguridade e Movilidade	Maio-2016	46,00	De García Alfonso, Juan Jesús a Bacelos González, José
Inspección Vías e Obras	Maio-2016	32,00	Matilde Viñas, J. Eugenio Villar Estévez, Raimundo
Vías e Obras	Maio-2016	180,00	De Amoedo Cabaleiro, José Luis a
	Maio-2016	45,00	Rodríguez Leston, Bernardo
	Maio-2016	5,00	
Parque Central	Maio-2016	84,00	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a
	Maio-2016	48,00	Rodríguez Leirós, Alfonso
	Maio-2016	16,00	
Parque Móbil	Maio-2016	32,00	De Alonso González, Ángel a Romero Cobas, José Luis

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Limpeza	Maio-2016	16,00	De Quintas Pérez, Manuel
Museos	Abril-2016 Maio-2016	12,00 12,00	De Vázquez Martínez, Ramón
Eleccións Xerais	Setembro-2016	5.711,00	De Alonso Iglesias, Manuel a Sierra Castelo, José M.

O montante do presente expediente ascende a un total de **102.738,48 €.**

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1125).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, CODG RTB 89 “SUBXEFE DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO”. EXPTE. 28773/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/10/16, dáse conta do 06/10/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

En data de entrada no Rexistro Xeral 21/12/2015, D Guillermo Dominguez López, funcionario do Concello de Vigo, con posto de Oficial Subxefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, expón que dende a baixa por xubilación do titular da praza de Xefe do Servizo de Bombeiros en data 15/10/2012, esta a desempeñar as funcións correspondentes a dita Xefatura, tal e como se contempla no Rxeulamento do Servizo.

Expon así mesmo que nas vixentes instrucións de plantilla se recolle a posibilidade de aboamento de complemento de produtividade polo especial rendemento derivado do desempeño de categoría superior.

Ao respecto, a funcionaria que suscribe informa en data 11/03/2016 o seguinte:

No ano 2007 transformase o posto 63 “Xefe do servizo de extinción de incendios e salvamento” redenomíndose “Xefe da área de mobilidade transportes seguridade e extinción de incendios. Adscribese a dito posto ao funcionario, con praza de “Xefe de extinción de incendios” que ata a data estaba a desempeñar o posto transformado

Dito posto vacante dende 15/10/2012 por xubilación do seu titular pasa a ser desempeñado dende o 01/02/2013 polo funcionario anteriormente adscrito ao posto Codg 306 “Adxunto xurídico Policía Local”, con praza de “Licenciado en Dereito”

Deste xeito enténdese que as responsabilidades en canto a xefatura do servizo de extinción de incendios e salvamento están a ser desempeñadas polo empregado adscrito ao posto de “Xefe da área de mobilidade transportes seguridade e extinción de incendios”, xa que este

ten orixe na transformacion do posto codg 63 " Xefe do servizo de extincion de incendios e salvamento".

No Cadro de Persoal Municipal vixente ata o 31/12/2015, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 13 de xuño de 2014, xunto co Orzamento para o ano 2014, figura unha praza coa denominación de Xefe Servizo de Extinción de Incendios, que se atopa vacante dende o 15/10/2012, por xubilación do seu titular.

Na aprobacion do Cadro de Persoal e Orzamento para o ano 2016, realizado polo Pleno na sua sesion de data 09/12/2015 (BOP 11/12/2015), racionalizase a praza de Xefe de extincion de incendios nunha praza de Técnico/a de Admón Xeral.

Por outra banda, dase a circunstancia de que o posto Cod 63 "Xefe/a Area Mobilidade., Seguridade., Trafico., Transportes e SEIS" configúrase co mesmo nivel de complemento de destino (CD 26) que o posto Codg 89 Subxefe servizo extincion de incendios e salvamento, supoñendo unha grave incoherencia en canto a asignacion dos complementos de destino, xa que tendo en conta que o complemento de destino esta a retribuir a maior complexidade e responsabilidade do posto, é de supoñer que, a Xefatura da Area, a cal "ostentará, con carácter xeral, as atribucións e funcións que se derivan da dirección da área e dos servizos, departamentos, seccións e unidades que esta inclúe, contemplándose funcións de planificación, coordinación, organización, control e seguimento dos mesmos", segundo guía de funcións aprobada pola xunta de goberno na sua sesion de data 20/09/2010 para o posto tipo "Xefe/A de Area" debería estar configurada cun maior nivel de complemento de destino ao ser responsable último das distintas unidades administrativas que compoñen a area .

De todos os xeitos, enténdese a necesidade de contar cun posto de xefatura do servizo de extincion de incendios dada a precariedade da escala tecnica do servizo ao estar composta unica e exclusivamente por un solo posto "Subxefe de Extincion de Incendios " e dado que ainda que a xefatura da area ostente a direccion do SEIS non poderia desempeñar as funcións do posto de xefatura, relacionadas no regulamento do SEIS aprobado polo Pleno en sesion de data 02/03/1998 (B.O.P. 07/04/1998) , xa que textualmente di que o "o mando directo do SEIS exercerao o xefe de servizo que sera desigando polo Alcalde , entre os de maior categoria da escala técnica"

En canto a produtividade solicitada, baseada no desempeño dun posto de categoria superior segundo instruccións de plantilla, non sería de aplicación, ante a inexistencia de dito posto de categoria superior dende o ano 2010 (na vixente RPT) e sendo de supoñer que as funcións de xefatura do SEIS deberían estar incluídas nas correspondentes ao posto de Xefe de Area de mobilidade, transportes, seguridade e extincion de incendios

/.../

En consecuencia propónse a racionalización dos postos que integran a escala técnica do servizo de extincion de incendios e salvamento, que deberá contar alomenos cun posto de Xefe do servizo e un posto de subxefe, sendo adscritos a ditos postos mediante os procedementos legalmente establecidos e o contemplado no Regulamento do SEIS ao respecto. Ditos postos deberán configurarse retributivamente tendo en conta a equidade interna cos demais postos que integran a RPT deste Concello

/.../.

II- En data 16/09/2016, asinado polo xefe da Area de Seguridade e Mobilidade e conformado polo concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, remítese a esta Area de Recursos Humanos e Formacion a seguinte proposta:

I

“Mediante dilixencia da Área de RRHH de 11 de xullo de 2016, interesase desta Área de Goberno e Administración municipal informe relativo á solicitude (doc. 150170561) presentada o 21 de decembro anterior polo funcionario de carreira con categoría profesional de Oficial do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS), e posto de traballo de Subxefe do propio SEIS.

II

O 15 de outubro de 2012 produciuse a xubilación do funcionario de carreira con praza de “Oficial” do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS), e posto de traballo de “Xefe da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade”, D. Juan Comesaña Alén.

III

Consonte ao disposto no Regulamento interno do SEIS, o mando directo do mesmo corresponde ao funcionario de maior categoría da escala técnica, por designación do Alcalde (art. 6 e concordantes).

IV

D. Guillermo Domínguez López acadou a praza de Oficial do SEIS o 01 de decembro de 2003, e con data 01/01/08 o posto de Subxefe do propio SEIS.

Dentro da escala xerárquica, os postos de traballo inmediatos inferiores teñen a categoría de Suboficial (4).

O cadro de persoal complétase con os seguintes postos de traballo:

- Sarxento: 2 (vacantes).*
- Cabo: 16 (2 vacantes)*
- Bombeiro: 80 (14 vacantes)*
- Conductor-Bombeiro: 39 (8 vacantes).*

V

O funcionario que suscribe foi adscrito ao posto de “Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade” con efectos de 01 de febreiro de 2013, e no exercicio das funcións de dirección superior que corresponden a dito posto, lle corresponde constatar que desde o 15 de outubro de 2012 D. Guillermo Domínguez López estivo a desenvolver de maneira efectiva e ininterrumpida e con plena eficacia as funcións de xefe do servizo, en interés do tantas veces citado SEIS.

VI

Para atender ás primordiais funcións que legalmente lle corresponden, o SEIS organízase entorno aos principios de disciplina e xerarquía, eficiencia e eficacia.

Por isto, resulta de indubidable interés a creación do posto de Xefe do Servizo, cuxo titular exerza o mando inmediato e directo sobre o persoal de cadro sen prexuízo da superior dirección e coordinación que corresponde á Xefatura de Área; todo baixo a dirección política que corresponde ao Concelleiro delegado e ao Excmo. Sr. Alcalde.

A tal efecto, deberáse proceder á transformación do posto de traballo de Subxefe do SEIS nun novo posto de Xefe do SEIS.

VII

Dita modificación implica necesariamente unha incremento do complemento do –novo– posto, ou complemento específico (C.E.) en relación co anterior.

Actualmente, o posto de Subxefe do SEIS ten un C.E. de 34.737,64 €/ano, e propónse que dito importe, no novo posto de Xefe de Servizo, teña un prudente incremento de 1.897,56€/ano.

En mérito de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en elevar ao Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Autorizar á tramitación, a través da Área de RRHH para ante a Xunta de Goberno Local, dun expediente de transformación do posto de traballo de Subxefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, para a súa conversión no de Xefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, ao que lle corresponderán as funcións previstas no Regulamento interno do SEIS, no vixente Catálogo de postos de Traballo do Concello de Vigo, e en todo caso nas disposicións legais e regulamentarias que lle resulten especificamente aplicables en cada caso.

2º.- Autorizar, asimismo, á dotación do complemento específico do novo posto de Xefe de Extinción de Incendios e Salvamento con un importe máximo de 36.635,20 €/año, referido a 14 mensualidades.

III.- En data 26/09/2016, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal, "Ordenar a incoación de expediente administrativo para a modificación puntual da vixente RPT, aos efectos de implementar a seguinte modificación:

Reconfiguración do posto de traballo de " Subxefe do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento" en "Xefe do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento", debendo configurarse cunhas retribucións complementarias en canto a CE de 36.635,20 € anuais.

IV.- Fundamentos xurídicos

I.- ARTIGO 74 DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO:

"Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos"

II.- ARTIGO 202 DA LEI 2/2015, DE 29 DE ABRIL, DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA:

"1. Las entidades locales deberán elaborar una relación de puestos de trabajo que contenga todos los puestos de trabajo existentes en las mismas.

2. La relación de puestos de trabajo, previo cumplimiento de los trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente por el órgano de la entidad local que resulte competente según lo establecido por la legislación de régimen local y sometida a información pública por un plazo no inferior a veinte días. Transcurrido dicho plazo, la aprobación se elevará a definitiva si no se plantearon reclamaciones, sugerencias o alegaciones. En caso contrario, la relación de puestos de trabajo deberá ser objeto de aprobación definitiva, previa resolución de las reclamaciones, sugerencias o alegaciones presentadas.

3. *Una vez aprobada definitivamente, de la relación de puestos de trabajo se remitirá copia a los órganos competentes de la Administración general del Estado y de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia dentro del plazo de treinta días, y será publicada íntegramente en el boletín oficial de la provincia.”*

V.- Motivacion organizativa da reconfiguracion do posto de “Subxefe do servizo de Extincion de Incendios e Salvamento” en “Xefe do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento”

A reconfiguracion proposta nos termos da proposta enviada pola Concellería-delegada da Área, supoñen o denominacion do mesmo, así como o incremento do complemento específico asociado a dito posto, supoñendo este un incremento de 1,898,56 €.

O regulamento interno do Servizo de Extincion de Incendios e Salvamento , aprobado polo Pleno do Concello en data 02/03/1998, recoñece distintas funcións aos postos de Subxefe e Xefe do servizo de extincion de incendios, polo que parece axeitado que a modificación en canto a funcións, responsabilidades e denominacion do posto lleve parella a modificación do complemento específico asociado ao mesmo

VI.- Tramites de preceptivo cumprimento

O artigo 37.2, a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, indica a necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

Debe someterse tamén á preceptiva fiscalización previa de gasto segundo o establecido no RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, da Lei de Facendas Locais (arts. 213 a 223) ao modificarse as retribucións complementarias dos postos de traballo relacionados nas memorias e contidos na proposta de acordo, financiándose con cargo á aplicación orzamentaria “Creacion dun Fondo de adecuacion” dos Orzamentos Municipais 2016, dotada cun crédito inicial de 220,000,00 €, e que a data de hoxe conta cun saldo de 8,246,50€.

VII.- Efectos dos actos administrativos

O artigo 57 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) contempla con carácter xeral os efectos dos actos administrativos, indicando a regra xeral que os mesmos terán eficacia dende a data en que se dicten, salvo as excepcións previstas legalmente.

No seu apartado 3 se indica que “excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, y, asimismo, cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas.”

Dado que no expediente queda acreditado que con data 01/01/2016 os supostos de feito necesarios existían en canto ao efectivo desenvolvemento de funcións de xefatura do S.E.I.S., parece procedente recoñecer a eficacia retroactiva , aos efectos de axustar a RPT

e as retribucións asociadas ao posto de traballo indicado coa realidade do feixe funcional efectivamente inherente do posto obxecto de revisión e adecuación.

A modificación puntual proposta terá que contar cun trámite de información pública por un prazo de 20 días dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, non poderá surtir efectos ata o día no cal remate o prazo indicado, no cal desplegará todos os seus efectos, de non terse presentado alegacións, nos termos do establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

En canto á materialización das modificacións orzamentarias que sexa necesario executar, e visto a data de emisión do presente informe, éstas deberán efectuarse co cargo aos Orzamentos municipais 2016.

VIII.- Réxime Competencial

O órgano competente para a aprobación da RPT e das súas modificacións é a Xunta de Goberno Local, segundo o artigo 127.1, h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Por tanto, e ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data, sométese á consideración do mesmo a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de traballo do Concello de (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede, concretada na modificación seguintes:

- Reconfiguración do posto de traballo Codg RTB 89 “Subxefe do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento” nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área de Mobilidade e Seguridade, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 26, CE 618 (importe anual 36,635,90€), subgrupo A1 de titulación, pasando a denominarse Xefe/a do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento

Segundo.- Acordar o sometemento a información pública por un prazo de 20 días, contados dende a data de aprobación, do presente expediente de modificación puntual da RPT, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, transcurrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non se plantexarse reclamacións, desplegando efectos económicos e administrativos de 01/01/2016.

Terceiro.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento ás modificacións puntual acordada, con cargo á partida orzamentaria 92001210300 “Fondo de adecuación retributiva 2016”, nos termos do indicado nos apartados anteriores.

Cuarto.- *Notificar o presente acordo ás áreas e/ou servizos afectados, Xefaturas de Área de Concello de Vigo, e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.”*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1126).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE II”. EXPTE. 3307/443.

Dáse conta do informe-proposta do 11/11/16, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 08.07.2016, acordou “Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do Proxecto Humanización da Rúa Gregorio Espino, Fase II”.

II.- A Mesa de Contratación, con data 28/10/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación «Adxudicar a MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da Rúa Gregorio Espino. Fase II” (3924-440) por un prezo de 389.931,00 euros, IVE engadido».

III.- De ser aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, especifica a dita cláusula do PCAP as funcións da dirección facultativa e dispón que a dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección das obras de referencia que concurre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 28/10/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da Rúa Gregorio Espino. Fase II" (3924-440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de "Humanización da Rúa Gregorio Espino. Fase II" (3924-440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de “Humanización da Rúa Gregorio Espino. Fase II” (3924-440) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1127).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE IV”. EXPTE. 3306/443.

Dáse conta do informe-proposta do 11/11/16, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 08.07.2016, acordou «Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do Proxecto “Humanización da Rúa Aragón. Fase IV”».

II.- A Mesa de Contratación, con data 28/10/2016, entre outros acordos, adoptou o de propoñer ao órgano de contratación: «Adxudicar a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da Rúa Aragón. Fase IV” (3918-440) por un prezo de 406.836,56 euros, IVE engadido»

III.- De ser aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado

e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación

ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales proponse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 28/10/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da Rúa Aragón. Fase IV" (3918-440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de "Humanización da Rúa Aragón. Fase IV" (3918-440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de "Humanización da Rúa Aragón. Fase IV" (3918-440) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1128).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á CONCELLERÍA DE XUVENTUDE POR PARTE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL. EXPTE. 4700/336.

Dáse conta do informe-proposta do 07/11/2016, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de área:

"Dende a Concellería de Xuventude presentamos unha solicitude na Convocatoria de subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación de 2016; ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2016.

Tendo recibido a confirmación de concesión de subvención para o proxecto solicitado e ó efecto de xustificala subvención concedida dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia por importe de 2.221,92€, solicítase a seguinte documentación xustificativa, entre outras, en base ao requirimento que se adxunta a este informe:

“Certificado expedido pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se fagan constar de forma detallada:

–O cumprimento da finalidade da subvención.

–Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión, data de recoñecemento da obriga polo órgano competente ou data de pagamento.

* Con respecto ao cumprimento da finalidade da subvención, dende esta Concellería confirmamos que a xestión dos diferentes servizos de información xuvenil dentro dos que está o servizo obxecto da subvención: Servizo de orientación de Emprego, así como as súas funcións e obxectivos -informar, orientar e dinamizar á comunidade moza de Vigo; dinamización e fomento da participación xuvenil do municipio e facilitar a positiva integración social dos e das mozos/as de Vigo- realizáronse correctamente ao longo do ano 2016 ata o día de hoxe e sempre acordo coa proposta presentada.

* En canto aos gastos destinados á xestión do Servizo de Orientación de Emprego, incluídos dentro da xestión global dos servizos de información xuvenil, foron presupostados pola cantidade total de 8.295€, e se deslousan deste xeito:

1.- Factura Nº 01/2016. Data: 01/02/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-01. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 12/02/16.

2.- Factura Nº 02/2016. Data: 05/03/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-02. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 12/03/16.

3.- Factura Nº 03/2016. Data: 06/04/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-03. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 27/04/16.

4.- Factura Nº 04/2016. Data: 30/04/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-04. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 06/05/16.

5.- Factura Nº 05/2016. Data: 01/06/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-05. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 06/06/16.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

“PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a esta Concellería por parte da Xunta de Galicia de 2.221,92€ dentro da Convocatoria de subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación de 2016; ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2016; na que cumpríuse a finalidade da subvención que comprendía o correcto funcionamento e xestión do Servizo de Orientación de Emprego na súa labor de información e asesoramento em temas de interese xuvenil e, dinamización do servizo ao longo do transcurrido no ano 2016.

SEGUNDO: Aprobar os gastos de xestión do Servizo de Orientación de Emprego, incluídos dentro da xestión global dos servizos de información xuvenil:

1.- Factura Nº 01/2016. Data: 01/02/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-01. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 12/02/16.

2.- Factura Nº 02/2016. Data: 05/03/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-02. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 12/03/16.

3.- Factura Nº 03/2016. Data: 06/04/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-03. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 27/04/16.

4.- Factura Nº 04/2016. Data: 30/04/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-04. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 06/05/16.

5.- Factura Nº 05/2016. Data: 01/06/2016. Importe total: 16.870,24€. Cantidade a extraer para xustificar: 1.659€. Número X-2016-05. Xoma Iniciativas Sociais SLU. Orde de pago: 06/06/16. “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.